





MONTE COIREGO

Adela Leiro, Mon Daporta
maio 2018



Distancia: variable
Dificultade: baixa



En Carballedo chama a atención un cume de 774 m de altura coroado por unha torre de vixilancia de incendios, e achegarse a el é doado seguindo as indicacións do observatorio astronómico. Desde alí podemos gozar de panorámicas de 360º sobre os territorios de Cerdedo-Cotobade, os montes da redonda (Cando, Castelada, montes dos Cregos, Acibal...), os vales do Almofrei e do Lérez, Pontevedra e a ría, e parte das rías de Vigo e Arousa; e ao seu pé atopamos outros elementos que completan o conxunto e o interese da visita: a lagoa do Campo da Poza, unha pequena área de asolagamento estacional que na primavera se anima cos cantos das rás e as flores das oucas, e o observatorio astronómico da Asociación Medioambiental e Cultural “Canón de Pau”, inaugurado no 2011 (construído con apoio institucional en terreos cedidos pola Comunidade de Montes), impulsado e xestionado pola Asociación Astronómica Sirio, de Pontevedra, que realiza alí diversas actividades de observación e divulgación, os sábados á noitiña, con reserva previa e cando o tempo o permite.



Lagoa do Campo da Poza e observatorio astronómico

Lagoa do Campo da Poza



PERCORRIDO:

Na estrada de Carballedo a Cerdedo, a 3 km do lugar da Igrexa, hai un desvío á esquerda que nos leva ao monte e, a uns escasos 2 km, atopamos que saen da estrada, no mesmo punto, unhas pistas de terra, sinalizadas, nas que comeza, á dereita, o acceso ao monte e, á esquerda, a que nos leva á lagoa e ao observatorio. A subida ao monte son algo máis de 2 km se se fai en coche, ou 1,5 km se se fai a pé porque se pode coller un atallo na metade do camiño; o desvío á lagoa son 200 m, e 300 m máis adiante atópase o observatorio.

Se nos queda tempo e ánimo, e se dan as circunstancias axeitadas, podemos tentar buscar o tesouro agochado no monte que, segundo a lenda tradicional, garda alí a moura Coirega. Pero se isto non nos parece factible temos a opción de achegarnos, no lugar da Igrexa, ao castro no que se asenta a torre dun muíño de vento, ou seguindo pola estrada ata o Cádavo, 2,5 km, onde ao pé da capela tamén se conserva a torre de outro muíño de vento, enxeños que eran comúns nos altos desta zona na que non había correntes de auga aproveitables.

Tamén se pode completar o día cunha visita aos petróglifos das Coutadas, O Lombo da Costa e A Portela da Laxe.



Observatorio astronómico



Refuxio no monte Coirego



Lagoa do Campo da Poza

Vista desde o Monte Coirego

